



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Xestión dos riscos ergonómicos		Código	760482014
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Industrial			
Coordinación	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio	Correo electrónico	benigno.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio	Correo electrónico	benigno.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia enfócase principalmente no estudo de diferentes métodos de referencia de avalición dos distintos riscos ergonómicas ao que se atopa exposta a persoa traballadora, ou calquera na vida diaria.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Será capaz de planear a acción preventiva a desenvolver, nas situacións nas que o control ou redución dos riscos supón a realización de diferentes actividades, que implican a intervención de distintos especialistas.	AP1	BP1 BP2 BP3	
Será capaz de avaliar os riscos relacionados coa carga física e psíquica no traballo e propoñer as medidas adecuadas de prevención.	AP4	BP3 BP4	
Será capaz de utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida		BP5	CM1 CM3
Será capaz de valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM4 CM5 CM6
Asumirá como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			CM7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1) Ergonomía. Conceptos e obxectivos	1.1. Introducción 1.2. Posto de traballo 1.3. Tipos de ergonomía 1.4. Obxectivos.
2) Metodoloxía Ergonómica	2.1. Análise das tarefas. Metodoloxía 2.2. Análise das capacidades persoais. 2.3. Análise das condicións de traballo. 2.4. Valoración da carga de traballo. 2.5 Análise dos postos de traballo.



3) Datos antropométricos	3.1. A estatística como elemento de análise. 3.2. Datos antropométricos da poboación española. ISO 7250, ISO 6682. Repartición de masas e centros de gravidade 3.3. O uso dos valores no deseño.
4) Biomecánica	4.1. O modelo biomecánico. 4.2. Elementos básicos de mecánica vectorial. 4.3. Equilibrio. 4.4. Pancas. 4.5. Análise estática de modelos en dúas dimensións.
5) Carga física	5.1. Posturas de Traballo 5.2. Fisioloxía das Posturas de Traballo. 5.3. Avaliación das Posturas de Traballo. Metodoloxía de avaliación. 5.4. Norma UNE EN 1005-4. Seguridade das máquinas. Comportamento físico do ser humano. Avaliación das posturas e movementos de traballo en relación coas máquinas. 5.5. Prevención e control de riscos derivados das posturas de traballo.
6) Carga Mental	6.1. Definición de Carga mental. 6.2 O proceso de tratamento da información polo home. 6.3. Esixencias dos postos de traballo. 6.4. Factores que inflúen na aparición da carga mental. 6.5. Efectos sobre a saúde. 6.6. Prevención dos riscos derivados da carga mental. 6.7. Métodos de avaliación da carga mental
7) Factores ambientais (I). Iluminación	7.1. Iluminación. RD 486/1997, de 14 de Abril. 7.2. Magnitudes luminosas. 7.3. Leis fundamentais da luminotecnia. 7.4. A cor. 7.5. Compoñentes básicos dun sistema de iluminación. 7.6. Sistemas de iluminación. 7.7. Efectos dunha mala iluminación: Fatiga visual e deslumbramentos. 7.8. A iluminación nos lugares de traballo. Medidas de control. Equipos para medir a iluminación
8) Factores ambientais (II). Ambiente térmico.	8.1. Parámetros físicos relacionados co ambiente térmico. 8.2. Equilibrio térmico. Termorregulación. 8.3. Efectos do desequilibrio térmico sobre a saúde. 8.4. RD 486/1997, de 14 de abril. 8.5. Guía técnica para a avaliación e Prevención de riscos. 8.6. Norma UNE 100-012-84. climatización. Bases para o proxecto, zona de benestar. 8.7. Cálculo do PMV e PPD. 8.8. Medición dos parámetros relacionados co ambiente térmico. 8.9. Control dos riscos. RD 1751/1998, de 31 de xullo. Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios (RITE), e as súas Instrucións técnicas complementarias (ITE). 8.10. Mantemento dos sistemas de climatización



9) Factores ambientais (III). Calidade do aire interior.	9.1. Aire. Composición e propiedades. 9.2. Efectos da calidade sobre a saúde. 9.3. Orixe dos contaminantes do aire interior. 9.4. Medición de contaminantes no aire interior. 9.5. Valores de referencia. 9.6. O tabaco. 9.7. Contaminantes biolóxicos. 9.8. Control da calidade do aire en interiores. 9.9. Legionelosis. 9.10. Síndrome do edificio enfermo.
10) Factores ambientais (IV). Ventilación.	10.1. Descrición e funcionamento. 10.2. Referencias Legais: RD 486/1997 de 14 de abril; RD 1751/1998 de 31 de Xullo; RD 1618/1980 de 4 de xullo. 10.3. O CO2 como indicador da calidade do aire. 10.4. Medición de caudais de ventilación. 10.5. Control da ventilación
11) Diseño del Puesto de Trabajo	11.1. Concepto de utilizabilidade. 11.2. Metodoloxía. 11.3. Componentes dun sistema de traballo 11.4. Deseño do espazo de traballo. 11.5. Deseño dos medios de traballo. 11.6. O proceso de traballo
12) Factores organizacionais	12.1. Factores psicosociais 12.2. Factores persoais. 12.3. Factores da organización do traballo. 12.4. Efectos sobre a saúde. 12.5. Avaliación dos factores psicosociais. 12.6. Medidas de control.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B1 B3 B4 C1 C5 C6 C8	2	3	5
Análise de fontes documentais	A4 B1 B3 B4 B5 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	18	18
Presentación oral	B4 C1 C3	8	4	12
Aprendizaxe colaborativa	A1 A4 B1 B3 B4 B5 C1 C3 C4 C6 C7	15	15	30
Proba obxectiva	A4 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C6 C8	2	5	7
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	As sesións maxistrais enfocaranse por dúas vías: 1ª) O profesor introducirá moi brevemente os temas para o seu desenvolvemento posterior mediante a metodoloxía complementaria da aprendizaxe colaborativa; tamén comentará as dúbidas que se vaian plantexando nas exposicións dos temas desenvolto polo alumnado. 2ª) Tentarase traer algunha persoa invitada experta en cuestións relativas ao temario da materia para desenvolver a sesión a xeito de conferencia.
Análise de fontes documentais	Ao longo do curso desenvolveranse varios traballos, en modalidade individual e grupal. O traballo individual consistirá polo menos en parte na análise de fontes documentais. Tamén será necesaria a aplicación desta técnica na preparación dos traballos grupais.
Presentación oral	Os traballos grupais serán expostos na clase debendo participar na súa presentación todos os membros do grupo.
Aprendizaxe colaborativa	Esta é a metodoloxía principal no desenvolvemento do curso, e consistirá na formación de grupos o máis diversos posibles en canto a formación previa, para a preparación de diversos temas, especialmente métodos de avaliación dos riscos ergonómicos. Os materiais a empregar están dispoñibles na plataforma Moodle, e ademais hai liberdade para propoñer e usar outros. Esta técnica supón que cada un dos membros dun grupo debe asumir (entre outros) o rol de formador dos demais.
Proba obxectiva	Será unha proba escrita a realizar ao final de curso, a modalidade será preferentemente tipo test, aínda que non é descartable outro tipo de preguntas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Os alumnos poderán contar co asesoramento do profesor para a preparación dos traballos que van ter que efectuar ao longo do curso, así como para a resolución das dúbidas que se podan plantexar cara a realización da proba obxectiva. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, poderá concertar tutorías mediante TEAMS, e recibir a mesma atención personalizada de xeito telemático.
Análise de fontes documentais	
Aprendizaxe colaborativa	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A4 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C6 C8	Probas para avaliar os coñecementos adquiridos durante o curso.	40
Sesión maxistral	B1 B3 B4 C1 C5 C6 C8	Valorarase a asistencia ás sesións e o grao de participación, cando o tipo de sesión permítala	5
Presentación oral	B4 C1 C3	A asistencia será obligatoria para quen ten que realizar a presentación. Ademais valorarase a comunicación de coñecementos realizada na sesión utilizando os medios dispoñibles e que se consideren adecuados.	35
Aprendizaxe colaborativa	A1 A4 B1 B3 B4 B5 C1 C3 C4 C6 C7	Valorarase a asistencia e o grao de participación nos grupos, así como a transmisión de coñecementos que cada grupo faga ao conxunto da clase.	20

Observacións avaliación



A criterio do profesor, poderán aplicarse técnicas de co-avaliación e/ou autoavaliación.

Se levará a cabo control de asistencia, e descontarase de forma proporcional a falta de participación, tanto para a primeira como para a segunda oportunidade. Este desconto non afecta á puntuación obtida na proba obxectiva.

Para quen a falta de asistencia, ao non poder participar, lle impedíse obter a cualificación de aprobado (considerando que se poden alcanzar só 4 puntos na proba obxectiva), habilitaráselle unha segunda proba obxectiva complementaria que contribuirá cun 60% á cualificación final.

A proba obxectiva entregáraselle ao alumnado en castelán, podendo ser solicitada cunha semana de antelación en galego.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria

Para o alumnado con recoñecemento de

dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia,

segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS

ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b; 4.3 e 7.5)

(04/05/2017):

Se este alumnado pode participar de xeito

telemático nas clases do curso, seguirase o mesmo procedemento de

avaliación que co resto do alumnado.

No caso de non darse a condición anterior,

deberán concertar ao inicio da materia un réxime de titorías regulares co

profesor, para seguir o desenvolvemento da materia mediante a realización de

traballos, e planificar a súa entrega e exposición.

No caso de non supera a materia na primeira

oportunidade, deberán presentarse á realización dunha proba obxectiva na

segunda oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	- González Maestre, Diego (2008). Ergonomía y psicología . Madrid: Fundación Confemetal - Alberto Conde Bóveda (2011). Ergonomía no traballo : guía básica . Santiago de Compostela: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - Carlos García Molina ... et al (2007). Manual práctico para la evaluación del riesgo ergonómico . València: Dirección General de Treball i Seguretat Laboral - Asociación Española de Ergonomía (). http://www.ergonomos.es. - Portal de Ergonomía del INSHT (). http://www.insht.es/portal/site/Ergonomia2/.
----------------------------	---

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Técnicas de prevención de riscos laborais.Medicina do traballo. Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada./760482004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.1.2. Realizarase a través de plataformas telemáticas, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:-Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?).5.- Traballarase para identificar e modificar prexuizados e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías